Lara Rguez Prada
4°B
CEIP Condesa de Fenosa

1.Que é o Principiño?

O Principiño, é unha historia corta do escritor francés Antoine de Saint - Exupéry.
Conta a historia dun pequeno príncipe que marcha do seu asteroide a unha travesía polo universo.
Pensa que os adultos pensan de forma extrana.
O Principiño é un dos mellores libros de todos os tempos.
Considérase un libro para nenos, pero, co seu profundo carácter, ten interés para todos os públicos.
Foi publicado en abril de 1943 nos Estados Unidos, con motivo da segunda guerra mundial, non puido ser imprimido en Francia.
O libro, traduciuse a decenas de idiomas e foi adaptado a distintos formatos, ao teatro, o cine...

2 RESUMO O PRINCIPIÑO

O Principiño conta a historia dun piloto que, ao intentar arranxar o seu avión no medio do deserto do Sáhara, encóntrase cun pequeno príncipe, e lle esixe que lle pinte un año.
O piloto entérase de como vive o Principiño no seu asteroide B612. Un día, no chan do asteroide, nace unha flor. O Principiño preocúpase e aténdea con dedicación, pero a flor é dramática e caprichosa, e molésta ao Principiño.
O Principiño, entón decide deixar o seu planeta en busca dun amigo.
O Principiño viaxa por pequenos planetas antes de chegar á Terra.
Na Terra, estara alí onde, antes de atopar ao piloto, atopa a un raposo que lle revelará a importancia da amizade que sente pola súa flor.

Ao final, o Principiño regresa ao seu planeta.

3 ANÁLISE DE FRASES DO PRINCIPIÑO

"O esencial é invisible para os ollos"

Dilla o zorro ao Principiño. Significa que o verdadeiro valor das cousas, non se vei ben cos ollos, se non co corazón.

É una reflexión cara as cousas que a veces non podemos ver porque o observamos cunha mirada superficial.

Isto é unha constante no libro, que nos chama a ver máis aló das apariencias.

"Foi o tempo que pasou coa súa rosa que a fixo tan importante"

Dilla o zorro ao Principiño. Significa que as relacións e afectos son cultivadas ao longo do tempo, todo ese tempo que lle dedicou o Principiño á súa rosa é o que a fai tan importantes.

"Se ti ves, por exemplo, ás catro da tarde, desde as tres en punto empezarei a ser feliz"

Dícella o zorro ao Principiño. Expresa a felicidade que nos produce a amizade. Tamén fala sobre a importancia de cumplir coas expectativas das persoas que amamos e a responsabilidade que asumimos ante eles.

"Vostede é responsable por sempre do que domou"

Dilla tamén o zorro ao Principiño. Significa que, cando cultivamos una relación, amizade… con outra

persoa isto nos fai responsables do progreso desta relación.

"Só tes que pedir a cada un o que cada un pode dar"

Dilla o Rei ao Principiño. O Rei, era incapaz de ordear algo que non puidese ser cumplido.

Dixo que para ser obedecido, só se debía mandar aquilo que os demáis estiveran dispostos a facer. A frase fala sobre a importancia do poder.

4. PERSONAXES

O PRINCIPIÑO

É o protagonista do relato. Deixou o seu asteroide para conseguir un amigo. Ao chegar á Terra, coñece ao piloto, e cóntalle como son os adultos, e a súa incapacidade para darlle valor ás cousas que realmente son importantes para a vida.

O Principiño, representa o neno que todos levamos dentro, e os sentimentos de amor, esperanza e inocencia que alimenta a nosa vida.

O PILOTO

É o narrador da historia do Principiño. Coñece ao Principiño cando se avaría o seu avión no medio do deserto do Sáhara. Quería ser debuxante, pero os adultos dicíanlle que se interesase máis pola xeografía...

A FLOR

É o obxecto de amor do Principiño.

A súa relación con el é difícil. O Principiño coida moito dela, pero a flor é dramática, caprichosa e orgullosa.

O Principiño, entón, decide partir do seu asteroide.

Fai que o Principiño regrese ao seu asteroide.